

XL COPA DEPUTACIÓN OURENSE DE ATLETISMO 5ª XORNADA – TEMPADA 2023

1. ORGANIZACIÓN

A Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo organiza, co patrocinio da Deputación Provincial de Ourense, a XL Copa Deputación de Ourense – 5ª Xornada, o xoves, 7 de decembro de 2.023 no Pista de Atletismo Cuberta de Ourense – EXPOURENSE


2. PROGRAMA DE COMPETICIÓN

HORA	PROBA	CATEGORÍA		PARTICIPANTES
18:30	500 m.	S8	M	24
18:30	Peso	S14 – S16 – S18 – Abs	F	16
18:30	Lonxitude	S14 – S16 – S18 – Abs	M	16
18:40	500 m.	S8	F	24
18:50	500 m.	S10	M	24
19:00	500 m.	S10	F	24
19:15	1.000 m.	S12	M	24
19:30	1.000 m.	S12	F	24
19:45	1.000 m.	S14	M	24
20:00	1.000 m.	S14	F	24
20:00	Peso	S14 – S16 – S18 – Abs	M	16
20:00	Lonxitude	S14 – S16 – S18 – Abs	F	16
20:15	1.000 m.	S16	M	24
20:30	1.000 m.	S16	F	24
20:45	60 m.		M	48
21:15	60 m.		F	48

- Co horario definitivo, publicaranse as táboas de lonxitude e o horario de cámara de chamadas.
- Os participantes deberán cumprir co horario establecido de Cámara de Chamadas para a súa participación.
- Nos concursos aceptaranse 16 participantes (mínimo 4 participantes por categoría) e 4 intentos por participante.

3. PARTICIPACIÓN

Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as con licenza federativa en vigor para a tempada actual (2023).



4. INSCRICIÓN

As inscricións faranse a través da web da RFEA <https://sdp.rfea.es/auth/login>, ata as 20:00 h. do domingo, 3 de decembro de 2023.

A organización dará prioridade á participación dos atletas con licenza por clubs da provincia de Ourense. Cada club ourensán terá dereito como mínimo a un atleta por proba.

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas nas tempadas 2022 e 2023 na proba específica. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, terán preferencia na inscrición os atletas de clubs da provincia de Ourense.

En ningún caso se aceptarán inscricións fora de prazo.

LIMITACIÓN NA INSCRICIÓN

Cada atleta so poderá realizar e inscribirse nun máximo de 2 probas. Rexeitarase a inscrición dos atletas inscritos en mais de 2 probas, non serán admitidos en ningunha delas e non se admitirá a súa participación.

BAIXAS


Comunicar renuncias ata as 20:00 do lunes día 4 de decembro de 2023 no correo electrónico: ourense@atletismo.gal. Calquera cambio producido despois deberá asumir unha multa de 3€.

A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente a sanción será de 3€ por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito no correo electrónico ourense@atletismo.gal con unha antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas a F.G.A. 6€ por atleta con datos falsos.

5. DORSAIS

Os participantes retirarán o seu dorsal no lugar establecido pola Organización.



Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación.

Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

6. RESULTADOS

Os resultados serán publicados en directo na web <https://atletismo.gal/>

7. NORMATIVA

Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da FGA, RFEA e WA.

En Ourense a 27 de novembro de 2023

O DELEGADO FGA EN OURENSE

Ángel Fidalgo Vázquez

Asinado no orixinal